

X. L. Regueira Fernández (2008): “Os estudos de dialectoloxía galega desde 1967 á actualidade”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 573-584.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

OS ESTUDOS DE DIALECTOLOXÍA GALEGA DESDE 1967 Á ACTUALIDADE

Xosé Luís Regueira

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Introducción

Cando en 1967 Xosé Luís Couceiro presenta na Universidade de Santiago de Compostela a súa memoria de licenciatura titulada *Vocabulario de Feás*, está a inaugurar (xunto con Antón Santamarina) unha xeira nova na investigación lingüística sobre o galego. Nos anos seguintes, no departamento de Filoloxía Románica presentáronse un número crecente de traballos de recollida de vocabulario e, uns anos máis tarde, de teses de doutoramento de descrición lingüística dunha variedade xeográfica, entre elas a do propio Couceiro: *El habla de Feás*, en 1973, e que se publicaría en 1976 como anexo de *Verba*.

Desde daquela, os traballos sobre dialectoloxía galega pasaron por diferentes etapas. Despois dun desenvolvemento notable e de traballos de gran repercusión, nomeadamente o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, os traballos de dialectoloxía pasaron a un segundo plano, como consecuencia de írense cubrindo obxectivos e por resultaren prioritarias outras direccións da investigación lingüística. Nos últimos anos están a realizarse traballos que responden a novos obxectivos e que supoñen a utilización de metodoloxías innovadoras. Neste percorrido, a lingüística galega, que nacía nun estado de extrema penuria, especialmente no tocante ao coñecemento da lingua falada, foi cubrindo as necesidades derivadas da nova situación sociopolítica da lingua e desenvolvendo liñas de investigación que a foron achegando a unha situación de progresiva normalidade.

2. Os inicios da dialectoloxía galega: dos precursores ao estudo na USC

Os estudos de dialectoloxía galega, como se sabe, foron iniciados por filólogos alemáns. Nos anos de entreguerras Fritz Krüger, Walter Ebeling e W. Schoeder publicaron valiosos traballos sobre lingua e cultura galega coa metodoloxía *Wörter und Sachen* (Palabras e Cousas), e Hans-Karl Schneider realizou unha completa descrición da fonética, a morfoloxía e o vocabulario da lingua falada na comarca da Limia Baixa (Schneider 1938) (cfr. Regueira 1991). Nas décadas posteriores apareceron traballos moi destacados, como os de Dámaso Alonso (recollidos en Alonso 1972), centrados no galego dos Ocos, e os de Zamora Vicente, que estuda a xeografía do seseo, da gheada e das terminacións *-ao / -án* (recollidos en Zamora Vicente 1986). Entre 1962 e 1964 Ramón Lorenzo publica varios traballos especialmente interesantes e ricos en información lingüística sobre a fala da Maía seguindo a metodoloxía Palabras e Cousas (cfr. Regueira 1996).

Mais a pesar de todo isto, a mediados dos anos 60 aínda seguen sendo certas as queixas de Dámaso Alonso (1962: 16): “esta lingua [o galego], en su estado moderno, es casi una incógnita; lo es, desde luego, su vocalismo. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales: labor de años”. Na altura contábase con algúns valiosos, mais escasos, traballos sobre léxico; pero a mellor descrición lingüística dunha fala galega seguía a ser a de Schneider, publicada antes da II Guerra Mundial.

Poucos anos despois da creación da sección de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela, Constantino García comeza a dirixir traballos dedicados á recollida e estudo de materiais léxicos, con anotacións fonéticas e morfolóxicas. A carencia de información sobre a lingua falada facía necesario orientar os traballos á recollida do léxico rural e mariñeiro, que se percibía como o máis diferencial e máis interesante desde o punto de vista filolóxico, e o chamado a desaparecer máis axiña ante os cambios sociais, económicos e culturais que se estaban producindo (cfr. Lorenzo 1962: 52; García 1976: 459); e ao tempo, iniciábase unha descrición fonética e morfolóxica (nos primeiros tempos algo superficial) das diferentes variedades do galego. Comezou así a elaboración dun número importante de memorias de licenciatura e de teses de doutoramento que trataron de cubrir as carencias denunciadas polos filólogos que se achegaban ao galego.

3. As descrições da lingua falada e o Atlas Lingüístico Galego

As primeiras teses de licenciatura desta serie foron as de Santamarina (*Vocabulario del valle de Suarna*) e Couceiro (*Vocabulario de Feás*), ambas de 1967. Estas

memorias, despois dunhas breves notas sobre a xeografía, a poboación e a economía da área de estudo, conteñen unha breve caracterización lingüística da fala local, e a seguir o corpo do traballo, consistente nun vocabulario disposto tematicamente (organizado segundo os temas da vida cotiá da xente da aldea: a casa, o gando, os traballos agrarios, o forno e o pan, o carro...). Este modelo, con esixencias teóricas e metodolóxicas que estaban ao alcance dos licenciados en filoloxía da época, resultou extraordinariamente produtivo: deu lugar a un número moi elevado de traballos e permitiu acumular gran cantidade de materiais lingüísticos (léxicos, fundamentalmente) e etnográficos.

Nos primeiros anos 70 empezaron a deseñarse traballos de maior envergadura: teses de doutoramento. A primeira tese sobre lingua galega presentada na Universidade de galega foi a de Enríquez Salido (1971), titulada *El habla de O Grove*, que consistía fundamentalmente nun vocabulario disposto alfabeticamente. Nese mesmo ano, José Álvaro Porto Dapena presenta tamén na Universidade Complutense de Madrid unha tese sobre a fala da comarca ferrolá, un traballo de moito maior alcance, do que publicaría o primeiro tomo como anexo de *Verba* uns anos máis tarde (Porto Dapena 1977). E de novo en 1973 Antón Santamarina e Xosé Luís Couceiro presentan cadansúa tese sobre as falas do val do Suarna e de Feás, respectivamente. Estes traballos xa non se limitan á recollida e clasificación de materiais léxicos, senón que tratan de dar unha visión integral da fonética e fonoloxía diacrónica e sincrónica da fala estudada, seguida dunha descrición gramatical, centrada na morfoloxía nominal e verbal.

Tamén en 1973 María do Carme Ríos Panisse presentou a súa tese de doutoramento titulada *Nomenclatura de la fauna y flora marítimas de Galicia* (publicada en dous anexos de *Verba* en 1977 e 1983), que recolle gran parte do riquísimo repertorio léxico con que se nomea a fauna e a flora mariñas nos portos galegos, desde Figueiras (xa en Asturias) ata Caminha, fronte á Guarda. É a primeira enquisa de gran alcance levada a cabo de maneira sistemática sobre o galego, e en certa maneira é un precursor dos traballos do *Atlas* que se ían poñer en marcha nos anos seguintes. Parte dos materiais recollidos, complementadas con novas enquisas realizadas tamén por Ríos Panisse, constituíron a parte galega do *Léxico de los marineros peninsulares*, dirixido por Manuel Alvar (1985-1989).

Pero para daquela xa se producira un cambio maior no panorama dos estudos universitarios sobre o galego. A necesidade notoria de investigación lingüística sobre o galego, así coma as evidentes posibilidades de desenvolvemento que esta investigación permitía dentro da Universidade, non se lle escaparon a Constantino García, que en canto tivo ocasión (que lle veu dada pola *Ley General de Educación* de 1970, que permitía o estudo das “lenguas autóctonas”) puxo en marcha o Instituto da Lingua Galega, xa en 1971. E este Instituto comezou a publicar no mesmo ano os manuais

Gallego 1 (ILG 1971), *Gallego 2* (ILG 1972) e *Gallego 3* (ILG 1974), cos que tomou a iniciativa na promoción do galego na sociedade. E acto seguido, e ao tempo que seguían producíndose traballos coma os descritos antes, puxo en marcha o maior proxecto da dialectoloxía galega ata a data: o *Atlas Lingüístico Galego*.

O *Atlas* foi concibido á maneira dos atlas lingüísticos clásicos, e pretende recoller de maneira sistemática a través de todo o territorio de fala galega (de Galicia e das zonas de fala galega de Asturias e de León e Zamora) información fonética, gramatical (morfolóxica, fundamentalmente) e, sobre todo, léxica. Dadas as necesidades da época, o *Atlas* tiña a misión de fornecer unha imaxe do galego falado, principalmente das variedades máis conservadoras, a imaxe da lingua histórica máis fiel e menos destrupada polas influencias foráneas. Esta información por unha parte tiña un interese estritamente lingüístico, para reconstruír a historia da lingua e para coñecer a variación xeográfica, e permitiu por primeira vez que Francisco Fernández Rei elaborase un mapa da variación dialectal do galego utilizando datos lingüísticos abundantes e ben establecidos (Fernández Rei 1982), en contraste coas divisións anteriores, de carácter máis impresionista ou baseadas en datos incompletos, e que posteriormente o mesmo autor publicase unha completa *Dialectoloxía galega* (Fernández Rei, 1990). Os volumes do ALGa, tras un traballos proceso de elaboración, comezaron a publicarse en 1990 (5 volumes publicados ata o momento) (ILG 1990-2005).

Mais por outra parte, os traballos do ALGa ían ter unha importancia singular para a planificación do corpus lingüístico do galego. De feito a información lingüística do ALGa tivo un papel moi relevante no desenvolvemento das propostas normativas elaboradas polo ILG, as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* e as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, e en definitiva influíu decisivamente no papel xogado polo Instituto en todo o período que vai desde 1975 ata o presente. Os materiais léxicos recollidos serviron tamén, xunto con outros de diferentes procedencias, para a elaboración do *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLGa) (a primeira versión é de 1989), no que se basearon case todos os dicionarios posteriores, e que hoxe está na base de todas as aplicacións informáticas orientadas á corrección de textos en galego. É dicir, o ALGa foi un proxecto con finalidades e repercusións que foron moito máis aló do alcance dun traballo de dialectoloxía.

Durante estes anos continúan a realizarse memorias de licenciatura sobre falas, así coma algunhas teses de doutoramento máis: a de Manuel Taboada (1976, publicada en 1979) sobre a fala de Verín, e a de J. R. Fernández González (1978) sobre os Ancares, presentada na Universidade de Oviedo, e a de Celso Muñiz (1978) sobre o galego do Valledor (Asturias), realizada na Vrije Universiteit de Amsterdam.

A explotación sistemática dos datos do ALGa iníciase coas teses de doutoramento dos seus principais investigadores: o estudo de Fernández Rei (1978/1979) sobre o verbo galego, o de Manuel González (1980) sobre o léxico do xugo e o carro e, tomando datos do ALGa xunto con outros de diversa procedencia, o traballo de Rosario Álvarez (1980) sobre o pronome persoal. Aínda que estas teses permanecen inéditas, están na orixe de diferentes publicacións dos seus autores e foron unha referencia utilizada por moitos outros investigadores.

Durante os anos 80 as necesidades do momento fan que vaia variando a orientación dos traballos lingüísticos realizados no ámbito do ILG, que segue a ser o núcleo arredor do cal se realiza case toda a investigación lingüística sobre o galego. Algunhas teses de licenciatura completan e melloran os modelos anteriores, e céntranse na descrición de cuestións fonéticas ou gramaticais en que a fala descrita presenta algún interese (coma as de Graña Núñez sobre Begonte, ou de Helena Pousa sobre Goián, por citar só dous exemplos). Este tipo de traballos académicos irá decrecendo ao pasar do tempo, mais aínda nos anos 90 e incluso máis recentemente hai exemplos notables.

O progresivo abandono deste tipo de estudos obedece a que nos anos 80 as prioridades eran a realización de dicionarios e dunha gramática de referencia. En relación cos traballos sobre gramática, e realizada en paralelo co manual de *Gramática galega* publicada en 1986 por Álvarez, Monteagudo e Regueira, está a tese de doutoramento de Regueira (1989), sobre a fala da comarca de Vilalba, que trata de cubrir aspectos gramaticais que non eran tratados nas teses de fala anteriores.

A conciencia das novas necesidades e a sensación de que o coñecemento da variación dialectal do galego era posiblemente un dos aspectos máis avanzados da lingüística galega, levou a impulsar os estudos lingüísticos noutras direccións, en particular os estudos gramaticais e a historia da lingua (v. Regueira 1996).

Non obstante, como xa avancei antes, aínda se seguen producindo traballos de licenciatura e de iniciación á investigación, e mesmo algunhas teses de doutoramento que cómpre mencionar. Na Universidade de Santiago de Compostela, Francisco Dubert presenta en 1998 a súa tese de doutoramento sobre a fala de Santiago de Compostela (publicada nunha versión revisada en 1999). Esta tese é a primeira, e única polo da agora, que estuda unha fala urbana e periurbana, onde a variación social é moito máis notoria ca nos medios rurais estudados ata entón, e isto dálle pé ao autor a facer interesantes observacións de carácter sociolingüístico. Por outra parte, Margarita González presentou no 2003 na Universidade de Oviedo a súa tese sobre a fala de Cangas, que consiste nunha descrición fonética e gramatical bastante completa desa fala.

4. As fronteiras do galego e o galego exterior ás fronteiras administrativas de Galicia

Un dos terreos que atraeu maior interese a partir dos anos 90 foi o estudo do chamado “galego exterior”, fundamentalmente o galego de Asturias, de León e Zamora e as falas de raíz galega da provincia de Cáceres.

O primeiro lingüista que nestas épocas se preocupou de estudar o galego de Asturias e de Castela-León (e tamén de promover a reivindicación de dereitos para os falantes) foi Francisco Fernández Rei, quen publicou a partir de 1985 varios traballos sobre a caracterización lingüística e os límites destas falas, así como sobre a súa situación sociolingüística (p.e. Fernandez Rei 1992).

Das catro zonas citadas, o galego de Asturias é sen dúbida o que atraeu e atrae maior atención, debido ao conflito que os sectores asturianistas ligados á Academia de la Llingua Asturiana crearon e continúan a alentar. Sobre o galego de Asturias o lingüista que máis e mellor traballou foi sen dúbida Xoán Babarro, quen en 1994 presentou na Universidade de Santiago de Compostela unha tese de doutoramento (publicada en 2003) sobre a caracterización lingüística, a delimitación e descrición da situación sociolingüística destas falas. Tamén Frías Conde lle dedicou algúns traballos (en particular unha monografía, Frías Conde 1999). Recentemente dous *Informes lingüísticos* sobre o galego de Asturias, desiguais en calidade e en rigor (cfr. Regueira 2007) —un deles publicado pola Academia dela Llingua Asturiana (2006) e o outro pola Asociación Abertal (2007)— permiten comprobar os argumentos utilizados polos que negan que esas falas sexan variedades da lingua galega, en contra de toda a tradición da hispanística e da romanística, e os dos que a afirman. Basta unha lectura de ambos informes para que o lector con criterio poida discernir os argumentos lingüísticos e sociolingüísticos utilizados fronte á manipulación con fins políticos efectuada por certos grupos.

Pola súa parte, o galego do Bierzo foi estudado por Manuel Gutiérrez Tuñón en diferentes traballos, entre eles un *Atlas Lingüístico* do que se publicaron dous volumes 1996 e 2002. A fronteira entre o galego e o leonés nestas terras foi revisada e establecida por Ana Seco, nunha memoria de licenciatura e nalgúns publicacións derivadas (Seco Orosa 1998).

Fóra de Galicia, Fred Boller publicou en 1995 a súa tese de doutoramento, presentada na Universidade de Kiel, que consiste nun atlas lingüístico, elaborado segundo o modelo do ALGa (Boller 1995: 10), da rexión de contacto entre galego, leonés e portugués (SO de Ourense, O de Zamora e Vinhais, en Tras-os-Montes), así como da rexión Lonbada-Outeiro-Aliste, de contacto entre leonés e portugués. Desta tese derivarían diferentes artigos de revistas e comunicacións en congresos.

Por último, as falas de orixe galega de San Martín de Trevello, As Ellas e Valverde do Fresno, ignoradas ata os anos 80, foron obxecto de atención e motivaron un certo número de traballos e publicacións. O principal investigador dos aspectos lingüísticos, sociolingüísticos e históricos destas falas é Xosé Henrique Costas González, catedrático de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, quen lles dedicou unha serie de traballos que arrancan en 1992 e chegan a actualidade (por citar só dous deles, V. Costas González 1992, 1999), ao tempo que levaba a cabo diferentes accións tendentes a difundir o coñecemento destas falas e a apoiar os grupos locais que traballan pola súa promoción.

5. Os novos achegamentos á dialectoloxía: o ALiR, a dialectometría e a prosodia

Os datos do ALGa, ademais de mostrar a variación xeográfica do galego e facer posible a elaboración do mapa dos dialectos do galego, como fixo Fernández Rei, tamén permiten situar o galego dentro de ámbitos lingüísticos máis extensos. Así, o equipo de investigadores do ALGa participa, baixo a dirección de Manuel González, no *Atlas Linguarum Europae* (ALE) e no *Atlas Linguistique Roman* (ALiR) (González 2004), dous proxectos de ámbito europeo e románico, respectivamente. O ALiR é un atlas de segunda xeración, interpretativo, que se basea nos datos recollidos por traballos de cartografía lingüística previos (no caso galego, no ALGa) e en datos dialectais recollidos en traballos diversos. A súa finalidade é mostrar, a través de mapas e de comentarios, a diversidade de áreas lingüísticas na Romanía e tamén os lazos existentes entre unhas e outras¹.

Máis recentemente Xulio Sousa e outros investigadores do equipo do ALGa comezaron a interpretar os datos do ALGa á luz da dialectometría, unha metodoloxía, desenvolvida fundamentalmente por Hans Goebel (v. p.e. Goebel 1984), que permite cuantificar a variación dialectal entre diferentes puntos dunha rede. Algúns traballos xa foron publicados (Sousa 2006 e Sousa, Álvarez & Dubert 2006) e no seo do ILG un equipo de traballo coordinado por Xulio Sousa está a desenvolver un proxecto de investigación sobre dialectometría dos dialectos galegos. Xa hai uns anos, João Saragamo (2002) aplicou esta metodoloxía para cuantificar a diferenciación léxica entre os puntos portugueses enquisados para o ALPI e os galegos, cos datos do ALGa.

1 V. <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/ALIR/alir.htm> (marzo 2008).

Outra liña nova na dialectoloxía é a realización de mapas prosódicos. En galego xa se realizaran algúns traballos sobre a entoación dalgunhas falas, en particular a memoria de licenciatura de Anxos Sobriño (que publica parte dos resultados en Sobriño 1999) sobre os modelos entoativos do Baixo Miño. Nos últimos anos un equipo do Instituto da Lingua Galega, encabezado por Manuel González e Elisa Fernández Rei, está a participar no proxecto AMPER (Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico), un proxecto multinacional que pretende elaborar un atlas que no que estean representados os diferentes modelos entoativos dos dialectos románicos por medio da extracción da entoación, de tal xeito que sexan comparables os modelos de linguas diferentes sen que as similitudes ou diferenzas fonéticas ou léxicas entre linguas perturben a percepción das diferenzas ou semellanzas prosódicas². Publicáronse xa varios traballos con resultados parciais, entre os que destaca, como mostra das posibilidades que ofrece este proxecto, o estudo sobre a fronteira prosódica entre galego e portugués publicado por Elisa Fernández e Lurdes Moutinho en 2006.

6. Remate

Pasaron xa 41 anos des que Xosé Luís Couceiro presentou a súa memoria de licenciatura, pioneira, xunto coa de Antón Santamarina, nos estudos de dialectoloxía galega na Universidade de Santiago de Compostela. Daquela a realidade lingüística do galego, tanto na súa fonética coma en numerosos puntos da gramática ou no léxico, era en gran parte descoñecida.

Desde entón percorreuse un camiño longo e intenso no que participaron dúcias de investigadores que contribuíron coas súas achegas a afianzar o coñecemento da riqueza e da variedade da lingua falada en todo o territorio de lingua galega. Ese camiño estivo marcado por unha obra maior, o *Atlas Lingüístico Galego*, que tivo repercusións máis fondas e duradeiras, e da que aínda se está a comezar a explotación a fondo dos materiais achegados, con atlas de segunda xeración (o *ALiR*) ou coas técnicas dialectométricas. E por outra parte, unha nova xeración de estudos dialectolóxicos está a ser posta en marcha, con traballos orientados a fins específicos, como é o *AMPER*.

Aínda que seguramente é correcta a percepción de que a dialectoloxía é un dos aspectos en que o galego está máis traballado e é mellor coñecido, non debe verse

2 Unha exposición deste proxecto pode verse en <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/amper.htm>, e un avance pode consultarse en <http://w3.u-grenoble3.fr/dialecto/AMPER/BDAMPER/index.php>.

como un campo xa pechado á investigación. Por unha parte, non cabe dúbida de que é importante seguir recollendo información lingüística. Por outro lado, en certos aspectos, o galego non está aínda suficientemente explorado; en aspectos fonéticos coma o seseo, a gheada ou en aspectos prosódicos, faltan gravacións sistemáticas que permitan facer estudos de variación diatópica máis alá das transcripcións dispoñibles hoxe en día, e sobre todo que permitan estudar a variación social e xeracional. E por último, os estudos sobre as variedades urbanas aínda están sen iniciar, de sacado o traballo de Dubert xa mencionado. Sen dúbida, traballo abondo para as novas xeracións de licenciados e de investigadores que se acheguen á lingüística galega.

Referencias

- ALONSO, Dámaso (1962): *La fragmentación fonética peninsular*. Supl. de *Enciclopedia Lingüística Hispánica*. Madrid: CSIC.
- ALONSO, Dámaso (1972): *Obras completas*. Vol. 1: *Estudios lingüísticos peninsulares*. Madrid: Gredos.
- ALVAR, Manuel (dir.) (1985-1989): *Léxico de los marineros peninsulares*. 4 vols. Madrid: Arco.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1980): *O pronomes persoal en galego*. 2 vols. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- ÁLVAREZ, ROSARIO, FRANCISCO DUBERT & XULIO SOUSA FERNÁNDEZ (2006): “Aplicación da análise dialectométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*”, en Rosario ÁLVAREZ, FRANCISCO DUBERT GARCÍA & XULIO SOUSA FERNÁNDEZ (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 461-493.
- ÁLVAREZ, ROSARIO, HENRIQUE MONTEAGUDO & XOSÉ LUÍS REGUEIRA (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia, 1998⁷.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (1994): *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela. Public.: 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003.
- BOLLER, Fred (1995): *Die Isoglossenstaffelung in der galicisch-portugiesisch-spanische Kontaktzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet*. Vol. 1: *Kommentar zum Regionalsprachatlas: Die diatopische Variation im Dialektraum*. Vol. 2: *Regionalsprachatlas mit Synoptischem Kartenteil*. Gross Vollstedt: Westensee.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (1992): “Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do Val do Río das Ellas”, *Cadernos de Lingua* 6, 85-107.

- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (1999): “Valverdeiro, lagarteiro e mañego: o “galego” do Val do Río Ellas (Cáceres)”, in Francisco FERNÁNDEZ REI & Antón SANTAMARINA FERNÁNDEZ (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade, 83-106
- COUCEIRO PÉREZ, José Luis (1967): *Vocabulario de Feás*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago.
- COUCEIRO PÉREZ, José Luis (1973): *El habla de Feás*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela. Publicada como anexo 5 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 1976.
- DUBERT GARCÍA, Francisco Xosé (1998): *A fala de Santiago de Compostela. Estudio xeolingüístico*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela. Public. (modificada): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 1999.
- ENRÍQUEZ SALIDO, María del Carmen (1971): *El habla de O Grove*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela. Publicada parcialmente como *Léxico de O Grove*. Anexo 3 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade, 1974.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa & Lurdes de Castro MOUTINHO (2006): “A fronteira xeográfica do Miño: tamén fronteira prosódica?”, in Cristina MOURÓN FIGUEROA & Teresa Iciar MORALEJO GÁRATE (eds): *Studies in contrastive linguistics: proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference*. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, 265-276.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1992): “A Terra Navia-Eo, O Bierzo e As Portelas. Delimitación xeográfica e caracterización lingüística do ‘galego exterior’”, in *I Congreso da Lingua e a Cultura galegas en Asturias, León e Zamora*. Vigo: Clube Cultural Adiante, 1992, 7-28.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1978/1979): *O verbo. Contribución á dialectoloxía galega*. 2 vol. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1982): “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno”, *Grial* 77, 257-296.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais, 2003³.
- FRÍAS CONDE, Francisco Xavier (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. Xixón: VTP.
- GARCÍA, Constantino (1978): “Os estudos dialectais do galego”, *Grial* 62, 458-464.
- GOEBL, Hans (1984): *Dialektometrische Studien: anhand italoromanischer, rätoromanischer und galloromanischer Sprachmaterialien aus AIS und ALF*. 3 vols. Tübingen: Max Niemeyer.

- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, José Ramón (1978): *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y Cosas"*. Anexo 10 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2004): "O Atlas Linguistique Roman (AliR). Unha visión persoal desde Galicia", in Rosario ÁLVAREZ BLANCO, Francisco FERNÁNDEZ REI & Antón SANTAMARINA (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 573-602.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1980): *O xugo e o carro. Contribución ó estudio das denominacións dos apeiros de labranza en Galicia*. 3 vols. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Margarita (2003): *El gallego hablado en Cangas do Morrazo*. Tese de Doutoramento. Univ. de Oviedo.
- GUTIÉRREZ TUÑÓN, Manuel (dir.) (1996-2002): *Atlas Lingüístico de El Bierzo (AL-BI)*. 2 vols. [Ponferrada]: Instituto de Estudios Bercianos.
- Informe lingüístico sobre a nosa terra Eo-Navia (Occidente de Asturias)*. Navia: Asociación Abertal del Eo-Navia, 2007.
- Informe sobre a fala ou gallego-asturiano. Úa perspectiva hestórica, social y llingüística*. Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo – Academia de la Llingua Asturiana, 2006.
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (1990-2005): *Atlas Lingüístico Galego*. 5 vols. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (1962-1964): "Estudios etnográfico-lingüísticos sobre La Mahía y aledaños", *CEG* 17 (1962), 49-67; 18 (1963), 129-147; 19 (1964), 10-64.
- MUÑIZ, Celso (1978): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias - España)*. Amsterdam: Acadesmische Pers.
- PORTO DAPENA, José Álvaro (1971): *El gallego de la comarca de Ferrol*. 2 vols. Tese de Doutoramento. Univ. Complutense, Madrid. Vol. 1 publicado como *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Santiago, 1977.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha: estudio descriptivo*. Tese de Doutoramento. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1991): "A contribución alemana á lingüística galega", in Mercedes BREA LÓPEZ & Francisco FERNÁNDEZ REI (coords.): *Homaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 2. Santiago de Compostela: Universidade, 155-178.

- REGUEIRA, Xosé Luís (1996): “Os estudos de lingüística galega”, en Ramón LORENZO & Rosario ÁLVAREZ: *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, 21-67.
- REGUEIRA, Xosé Luís (2007): “Dous informes lingüísticos sobre as falas da Terra Eo-Navia”, *A Trabe de Ouro* 71, 87-94.
- RÍOS PANISSE, María do Carme (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I: Invertebrados y peces. II: Mamíferos, aves y algas*. Anexos 7 e 19 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antonio (1973): *El habla del Valle del Suarna*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- SARAMAGO, João (2002): “Diferenciação lexical interpontual nos territórios galego e português”, en Rosario ÁLVAREZ, Francisco DUBERT GARCÍA & Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.): *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 41-68.
- SCHNEIDER, Hans-Karl (1938): “Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense - Spanien)”, *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, pp. 69-145 e 193-281.
- SECO OROSA, Ana (1998): “O trazado da fronteira do galego na provincia de León”, *Estudios Bercianos* 24, 32-47.
- SOBRINO PÉREZ, M. dos Anxos (1999): “A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descritiva”, *Cadernos de Lingua* 20, 97-125.
- SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (2006): “Análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas”, en M. C. Rolão BERNARDO & H. Mateus MONTENEGRO (orgs.): *I Encontro de Estudos Dialectológicos: Actas*. Ponta Delgada: Instituto Cultural de Ponta Delgada, 345-362.
- TABOADA CID, Manuel (1979): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- ZAMORA VICENTE, Alonso (1986): *Estudios de dialectología hispánica*. Anexo 25 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.